

CONFLITO O+M: EXTERNALIZACIÓN E EMPREGO

Este mércores 22 de abril tivo lugar a primeira xornada de paro a nivel estatal da folga indefinida convocada en O+M, folga que ten un obxectivo fundamental: evitar a externalización do mantemento. Esta folga ademais supón estender a mobilización iniciada na Coruña no mes de decembro ao resto do estado, evidentemente as actuacións da empresa afectarán a todo o estado e o lóxico é que todos actúen na defensa dos seus intereses como traballadores e traballadoras.

Como en mobilizacións pasadas a empresa facilita uns datos de participación que son bastante enganosos, a modo de exemplo citamos os casos de Guipúscoa onde a participación real foi do 76% (23 de 30, excluindo os servizos mínimos e fóra de convenio) ou de Pontevedra, onde restando os servizos mínimos a participación é do 60% e non do 47%. Na Coruña pararon, unha vez máis, todos os OTPI de Tx e Cx (descontando os servizos mínimos) tal e como o veñen facendo dende decembro.

Á marxe das cuestións anteriores, e sen entrar nunha estéril guerra de cifras, debemos valorar que houbo 300 traballadores e traballadoras que decidiron secundar o paro e, como en paros anteriores (negociación do convenio, sancións...), hai un seguimento moi desigual no conxunto do estado, froito dun nivel de concienciación diferente no cadro de persoal das diversas provincias.

A modalidade de paro, indefinido e os mércores cunha hora de duración, foi elixida para facer un traballo de concienciación duradeiro no tempo. Trataremos de que a participación vaia en aumento e de que, pouco a pouco, os traballadores e traballadoras vaian analizando as actuacións que pretende poñer en marcha a empresa e a repercusión que terán sobre os seus postos de traballo.

Estes plans da empresa, de continuar coa externalización de actividades, deben ter unha resposta por parte dos traballadores e traballadoras e, ante a actitude servil unha vez máis dos sindicatos socios, a resposta debe vir dos traballadores e traballadoras.

É fundamental que entendamos cales son as intencións da empresa, analizando o camiño que xa leva percorrido e que pretende percorrer de aquí en adiante. Manter as nosas condicións laborais esixe que actuemos cando a empresa dá pasos que poñen en perigo os nosos postos de traballo. A empresa pretende pasar a parte máis importante da actividade de O+M ás contratas, ese traballo sería feito en condicións precarias e sería una ameaza ás nosas condicións laborais e ao noso emprego.

Non debemos illar estas actuacións da empresa do convenio que acabamos de asinar, onde se pretende desregular o noso traballo: nova clasificación profesional, novas táboas salariais, novo regulamento no tempo de traballo... Así é que nos queda por diante un importante labor de reflexión e concienciación para poñerlle freo ás intencións da empresa de poñer en perigo o actual traballo en Telefónica, por canto a súa pretensión segue viva nas "*Mesas de Ocultación Permanente da Negociación*".

Dende a CIG estamos convencidos de que loitar contra a externalización é unha maneira efectiva de defender o emprego en Telefónica, manter as actividades daranos maior garantía de emprego e permitíranos manter unha boas condicións laborais no futuro.

VINDEIRA XORNADA DE PARO EN O+M MÉRCORES 29 DE ABRIL

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Galiza, 27 de abril de 2009